



ADAPTACIÓN DA ENXEÑARÍA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS, ESPECIALIDADE EN TRANSPORTES E SERVIZOS URBANOS AO GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL

O Real decreto 1393/2007, 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, que regula as ensinanza universitarias, establece un novo sistema de validación de estudos denominado recoñecemento e transferencia de créditos. Neste Real Decreto establécese que as propostas dos programas de Grao deberán incorporar o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos así como o procedemento de adaptación dos estudantes das actuais titulacións aos novos Graos, polo que ao obxecto de dar cumprimento a este mandato o Consello de Goberno da Universidade aprobou na súa sesión do 14 de marzo de 2008 a normativa de Transferencia e Recoñecemento de créditos para as titulacións adaptadas ao EEES e que se deberá aplicar no caso das titulacións de Grao, e maila Resolución Reitoral do 27 de outubro de 2008 pola que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de Grao e Máster.

A USC aprobou no Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009 o título de Graduado/Graduada en Enxeñaría Civil pola Universidade de Santiago de Compostela, que foi verificado positivamente pola *Comisión de Verificación de Planes de estudio* do Consello de Universidades na súa sesión do 30 de setembro de 2010 e comunicado á Universidade pola *Secretaría General do Consello de Coordinación Universitaria* mediante resolución do 1 de outubro de 2010.

Na memoria deste programa de estudos establécese un calendario de implantación da nova titulación e de extinción da actual Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos e maila táboa de adaptación e sistema de incorporación dos estudantes que cursaron algunha materia da Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos ao Grao en Enxeñaría Civil.

Polo que en cumprimento desta normativa e co obxecto de establecer os criterios para a aplicación da táboa de adaptacións que figura na memoria do Grao en Enxeñaría Civil esta Reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Os estudantes da actual Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos poderán solicitar o recoñecemento de créditos e competencias segundo a táboa de equivalencia que figura no ANEXO a esta resolución.

Segundo. – Criterios de adaptación

Adaptación de materias que non teñen equivalente no Grao por optativas.- As materias cursadas na Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos que na táboa de adaptación figuren coa equivalencia de "*créditos optativos*" no Grao Enxeñaría Civil deberán recoñecerse no expediente coa mesma denominación, créditos e cualificación que tiñan na titulación de orixe e co carácter de optativas, con independencia do que tivese na titulación de procedencia.

Cando o número de materias sen equivalencia no grao que nestas condicións poida adaptar un estudante fose superior ao que establece o plano de estudos do Grao en Enxeñaría Civil só se recoñecerán para adaptar ao Grao aquelas que sumados os créditos de cada unha delas permita acadar os créditos optativos totais que establece o plano de estudos deste Grao. A este respecto deberán computarse sempre os créditos das materias na súa totalidade e coa cualificación

correspondente.

Por defecto seleccionaranse as materias de maior cualificación ata completar os créditos optativos do Grao, agás que o estudante de xeito expreso formulase outra petición.

Adaptación de materias dunha a varias, ou de varias a unha ou varias.- Cando por unha materia da Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos se adapten varias materias do Grao, estas terán todas a cualificación da materia superada na Enxeñaría.

No caso da adaptación de varias materias da Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos por unha ou por varias materias do Grao en Enxeñaría Civil, estas terán como cualificación a media ponderada das materias de orixe.


Terceiro.- Unidade de recoñecemento.

A Unidade de recoñecemento será o crédito, sen prexuízo de poder recoñecer materias ou módulos completos. No caso dunha proposta de exención de realización de parte dos créditos, a Comisión con competencias en validación de estudos emitirá un Acordo indicando os estudos, traballos ou actividades que debe realizar o alumno para superar a/s materia/s na súa totalidade así como a súa equivalencia en créditos. O estudante neste caso deberá matricularse das materia/s afectada/s pola resolución de recoñecemento parcial na súa totalidade.

O Acordo da Comisión deberá notificarse ao coordinador da materia e será vinculante para o profesorado encargado da docencia da/s materia/s, que deberá actuar consonte ao establecido na RR do 27 de outubro de 2008. A cualificación final da/s materia/s será a media ponderada entre a cualificación dos créditos que se recoñecen pola Comisión e a dos créditos superados.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela,



Juan José Casares Long

Sra. Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sr. Director da Escola Politécnica Superior; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Directora da OIU; Sra. Xefa da Oficina de Reclamacións e Mellora do Procedemento; Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus Lugo

ANEXO

GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL - USC TABOA DE ADAPTACIÓNS DE MATERIAS DO PLANO DE ESTUDOS ACTUAL AO PLANO NOVO									
ENXEÑARÍA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS, ESPECIALIDADE EN TRANSPORTES E SERVIZOS URBANOS (860)					GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL (G4041)				
CODIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
04	EXPRESIÓN GRÁFICA E CARTOGRAFÍA	TR	1º	12	103	EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENXEÑARÍA	FB	1º	9
01	ALXEBRA	TR	1º	6	101	MATEMÁTICAS I	FB	1º	6
02	CÁLCULO	TR	1º	7,5	106	MATEMÁTICAS II	FB	1º	6
11	AMPLIACIÓN DE MATEMÁTICAS	OB	1º	6	201	MATEMÁTICAS III	FB	2º	6
06	MECÁNICA APLICADA	TR	1º	7,5	102	FÍSICA I	FB	1º	6
05	FÍSICA APLICADA	TR	1º	6	107	FÍSICA II	FB	1º	6
15	XEOLOXÍA APLICADA	OB	1º	4,5	104	FUNDAMENTOS DE XEOLOXÍA	FB	1º	6
03	ECONOMÍA	TR	1º	6	105	XESTIÓN DE EMPRESAS	FB	1º	6
14	TOPOGRAFÍA E FOTOGRAMETÍA	OB	2º	6	121	TOPOGRAFÍA DE OBRAS	OB	1º	6
11	ELECTROTECNIA	OB	2º	6	229	ELECTROTECNIA	OB	2º	6
12	MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN	OB	1º	6	221	MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN	OB	2º	6
14	TEORÍA E ESTRUTURAS	TR	2º	10,5	222	ESTRUTURAS I	OB	2º	6
					227	ESTRUTURAS II	OB	2º	6
13	PROCEDEMENTOS DE CONSTRUCCIÓN E MAQUINARIA	OB	1º	4,5	327	PROCEDEMENTOS XERAIS DE CONSTRUCCIÓN	OB	3º	6
05	XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO TRANSPORTE	TR	3º	6	224	EXPLOTACIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE	OB	2º	6
13	ENXEÑARÍA HIDRÁULICA E HIDROLOXÍA	OB	2º	9	223	HIDRÁULICA I	OB	2º	6
					228	HIDRÁULICA II	OB	2º	6
03	SERVIZOS URBANOS	OB	2º	4,5	421	SERVIZOS URBANOS	OB	4º	9
01	ENXEÑARÍA E MORFOLOXÍA DO TERREO*	TR	2º	9	225	ENXEÑARÍA DO TERREO	OB	2º	6
02	INFRAESTRUTURA DO TRANSPORTE *	TR	2º	12	226	DESEÑO E CONSTRUCCIÓN DE OBRAS LINEAIS	OB	2º	6
02	ENXEÑARÍA SANITARIA	TR	3º	7,5	322	ENXEÑARÍA SANITARIA E AMBIENTAL	OB	3º	9
01	ENXEÑARÍA DO TRÁFICO	TR	3º	6	445	ENXEÑARÍA DO TRÁFICO	OP	4º	4,5

GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL - USC
TABOA DE ADAPTACIÓN DE MATERIAS
DO PLANO DE ESTUDOS ACTUAL AO PLANO NOVO

ENXEÑARÍA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS, ESPECIALIDADE EN TRANSPORTES E SERVIZOS URBANOS (860)					GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL (G4041)				
CODIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
112	ENXEÑARÍA DE COSTAS E OBRAS MARÍTIMAS	TR	2º	6	323	PORTOS E COSTAS	OB	3º	9
112	TECNOLOXÍA DE ESTRUTURAS	OB	3º	6	324	TECNOLOXÍA DE ESTRUTURAS	OB	3º	6
04	TRANSPORTE E TERITORIO	OB	3º	9	342	TRANSPORTE DE TERRITORIO	OP	3º	4,5
					448	URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OP	4º	4,5
03	PROXECTOS	TR	3º	6	423	PROXECTOS DE ENXEÑARÍA CIVIL	OB	4º	6
21	DESEÑO ASISTIDO POR COMPUTADOR	TR	3º	6	108	DEBUXO TÉCNICO ASISTIDO POR COMPUTADOR	FB	1º	4,5
22	EXPLOTACIÓN DE PORTOS	OP		6	450	EXPLOTACIÓN DE PORTOS	OP	4º	4,5
23	FIRMES E CONSERVACIÓN DE VÍAS	OP	3º	6	447	FIRMES E CONSERVACIÓN DE VIAS	OP	4º	4,5
24	LOXÍSTICA URBANA	OP	3º	6	449	LOXÍSTICA URBANA	OP	4º	4,5
27	XESTIÓN DO MEDIO URBANO	OP	3º	6	446	XESTIÓN DO MEDIO URBANO	OP	4º	4,5
114	QUÍMICA DOS MATERIAS	OP	1º	6		CRÉDITOS OPTATIVOS	OP		6
25	SEGURIDADE E SAÚDE	OB	3º	4,5		CRÉDITOS OPTATIVOS	OP		4,5
26	SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA	OP	3º	4,5		CRÉDITOS OPTATIVOS	OP		4,5
					321	OBRAS XEOTECHNICAS I	OB	3º	4,5
					328	OBRAS XEOTECHNICAS II	OB	3	4,5
					451	ENXEÑARÍA DE COSTAS	OP	4º	4,5
					441	APROVEITAMENTOS ENERXÉTICOS HIDRÁULICOS	OP	4º	4,5
					452	ENXEÑARÍA E ECOLOXÍA DOS SISTEMAS LITORAIS	OP	4º	4,5
					444	ENXEÑARÍA PORTUARIA	OP	4º	4,5
					343	PRESAS	OP	3º	4,5
					341	XESTIÓN DE RECURSOS HIDRÁULICOS EN ENXEÑARÍA CIVIL	OP	3º	4,5
					326	ABASTECIMENTO E SANEAMENTO	OB	3º	6
					325	OBRAS HIDRÁULICAS	OB	3º	6
					422	OBRAS MARÍTIMAS	OB	4º	6

GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL - USC TABOA DE ADAPTACIÓN DE MATERIAS DO PLANO DE ESTUDOS ACTUAL AO PLANO NOVO									
ENXEÑARÍA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS, ESPECIALIDADE EN TRANSPORTES E SERVIZOS URBANOS (860)					GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL (G4041)				
CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
					442	EDIFICACIÓN	OP	4º	4,5
					443	ESTRUTURAS METÁLICAS	OP	4º	4,5
					344	PREFABRICACIÓN	OP	3º	4,5
					109	INFORMÁTICA	FB	1º	4,5

* Aos alumnos que teñan superadas as dúas materias da Enxeñaría Técnica que figuran abaixo, recoñeceránselle tamén directamente as materias do Grao *Obras Xeotécnicas I e Obras Xeotécnicas II*, tal como se reflicte no seguinte cadro:

ENXEÑARÍA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS, ESPECIALIDADE EN TRANSPORTES E SERVIZOS URBANOS (860)					GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL (G4041)				
Cód	Materia	Car.	Cuad.	Créd	Cód	Materia	Car.	Cuad.	Créd.
201	ENXEÑARÍA E MORFOLOXÍA DO TERREO	TR	2º	9	225	ENXEÑARÍA DO TERREO	OB	2º	6
					226	DESEÑO E CONSTRUCCIÓN DE OBRAS LINEAIS	OB	2º	6
202	INFRAESTRUTURAS DO TRANSPORTE	TR	2º	12	321	OBRAS XEOTECNICAS I	OB	3º	4,5
					328	OBRAS XEOTECNICAS II	OB	3º	4,5